



agasallo.eu
Propostas de regalos en galego

PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN PARA
EMPRESAS
NOVIEMBRE DE 2013

Que é Agasallo?

Agasallo.eu é unha plataforma en liña que compila, **difunde**, dá a coñecer e **recomenda agasallos en galego** de diverso tipo, para todas as idades e para todo tipo de acontecementos e épocas do ano: **libros, música, audiovisual, xogos, tecnoloxía, téxtil, experiencias, alimentación e outros**.

Con **Agasallo.eu** preténdese visibilizar e dar a coñecer entre o conxunto da cidadanía as creacións, os produtos e os servizos de todo tipo que usan o galego; que a cidadanía coñeza que se poden regalar produtos na nosa lingua de todo tipo e para todas as idades; incentivar a regalar películas, camisolas, discos, libros, aparellos electrónicos, xogos, etc., en galego; incentivar que os comercios teñan unha maior oferta de produtos de agasallo na nosa lingua; promocionar e apoiar as empresas e as creacións culturais propias: música, literatura, cinema, novas tecnoloxías, etc.; e, en definitiva, promover que se escollan agasallos en galego para todo tipo de persoas e para todas as idades en aniversarios, celebracións, día da nai e do pai, día do libro, Nadal, día d@s namorad@s, día das letras galegas, nacementos, convites, casamentos, agradecementos, etc.



Agasallo.eu está impulsada pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) que, para o seu desenvolvemento, contou con colaboración económica da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e manterase e difundirase coa achega económica das empresas que participan incluíndo as súas propostas.



Como participar en Agasallo.eu

Creas, fas ou elaboras produtos ou ofreces servizos en galego? Entón seguramente che interese visibilizalos e propolos nesta plataforma.

Bótalle un ollo á información que segue, que seguro que che ha interesar! ;-)

Que propostas pode haber en Agasallo.eu?

En [Agasallo.eu](https://agasallo.eu) teñen cabida todos os produtos que sexan agasallables e que estean en galego, que o contido lingüístico que teñan sexa en lingua galega.



Por exemplo: libros, discos ou dvd en galego; produtos alimentarios que estean etiquetados en lingua galega; aparellos electrónicos ou teléfonos que teñan a opción de ter os seus menús en galego; xogos ou xoguetes en lingua galega; camisolas ou outros produtos téxtiles que teñan contido lingüístico en galego; produtos de complementos, cerámica, artesanía, vestimenta, etc., que sexan elaborados e distribuídos por empresas ou entidades que teñen o galego como lingua de uso normal; servizos que sexan ofrecidos en galego e por empresas que usan a lingua galega na súa comunicación (hostalaría, experiencias, saúde, etc.); etc.

Que empresas poden ter as súas propostas en Agasallo.eu?

Poden darse de alta en [Agasallo.eu](https://agasallo.eu) e, polo tanto, publicar e difundir os seus produtos, as empresas ou entidades que os elaboran, que os producen ou, en caso de servizos, que os ofrecen. En definitiva, a empresa ou entidade responsable de determinado produto ou servizo.

Por exemplo, un libro debe ser subido aquí pola súa editorial, non por unha librería. Un viño debe ser publicado aquí pola súa adega, non por un bar ou por unha distribuidora de viños. O mesmo cos discos, as camisolas, os dvds, os aparellos electrónicos, etc. Unha librería, un restaurante ou unha tenda que usa con normalidade o galego, podería, en todo caso, crear un bono agasallo ou un produto, servizo ou experiencia singular para ter presenza aquí, mais non publicar eses produtos cuxa responsabilidade é doutra empresa.

Cales son as tarifas?

	Tarifa anual	Publica ti mesm@ os teus produtos	Nós publicamos os produtos por ti
Produto individual			25 € ao ano (Inclúe tarifa + publicación)
Ata 5 produtos	50 € (sáeche cada un a 10 €)	Pagas só a tarifa anual	Tarifa anual + 35 € unha vez
Ata 10 produtos	85 € (sáeche cada un a 8,5 €)	Pagas só a tarifa anual	Tarifa anual + 55 € unha vez
Ata 25 produtos	160 € (sáeche cada un a 6,4 €)	Pagas só a tarifa anual	Tarifa anual + 115 € unha vez
Ata 50 produtos	250 € (sáeche cada un a 5 €)	Pagas só a tarifa anual	Tarifa anual + 200 € unha vez
Ata 100 produtos	400 € (sáeche cada un a 4 €)	Pagas só a tarifa anual	Tarifa anual + 350 € unha vez

**IVE non incluído en ningunha das tarifas*



Por exemplo, se queres ter ata 25 produtos en Agasalho.eu e queres que nós nos encarguemos de publicalos, debes pagar a primeira vez 275 € + IVE (160 € de tarifa anual + 115 € polo traballo de publicación dos produtos); a partir do segundo ano só pagarás os 160 € de tarifa anual. Se te encargas ti de publicalos, simplemente pagas 160 € + IVE ao ano. Se lle aplicas á tarifa anual o desconto do 20%, esta quedarache en 128 €.

Se elixes a tarifa de, cando menos, 5 produtos, terás, ademais, unha ficha informativa da empresa na plataforma.

Que se fai cos ingresos que se obteñen das tarifas anuais?



O **80% da recadación** das tarifas anuais investirase no mantemento da plataforma e, principalmente, en **difusión e publicidade** en redes sociais, banners en sitios web, anuncios en medios, material publicitario, etc., para difundila e facer que as propostas que contén sexan coñecidas polo maior número de persoas posible. O 20% restante irá para gastos de xestión.

A publicidade farase tanto inicialmente, para o lanzamento da plataforma, como despois en **épocas ou momentos de maior importancia para agasallar** produtos en galego, como, por exemplo, Nadal, Día do Libro, Día d@s Namorad@s, Día da Nai, Día do Pai, etc.

Cantas máis empresas e entidades participen, cantos máis produtos haxa, máis publicidade terá Agasallo.eu e, polo tanto, máis visibilidade as propostas que contén.

As empresas participantes recibirán anualmente un informe da publicidade e difusión realizada.

Algunhas cousas de Agasallo que che han gustar ;-)

Variedade de tipos de propostas para descubrir



Unha ferramenta para crear catálogos en .pdf que entidades, coles, empresas, etc., poden distribuír como queiran



Un buscador xeitosiño, en que se indica prezo, idade e tipos de agasallos, e se dan propostas

BUSCADOR DE AGASALLOS

comiseta, infantil

PREZOS

0€ 20€ 40€ 80€ +80€

IDADE

0 3 anos 6 10 15 20 +20

PRODUTO

Todos os produtos Xogos/xoguetes Alimentación

Libros Tecnoloxía Outros agasallos

Música Téxtil

Audiovisual Experiencias

BUSCAR

xogos
tecnoloxía libros
música experiencias
alimentación libros música
tecnoloxía música alimentación
música libros alimentación
xoguetes

Unha axenda de días especiais para agasallar



Que hai que facer para que as túas propostas estean en Agasallo?



Escribe a altas@agasallo.eu

ou chama ao **981 757 815**

e enviámosche o formulario para darte de alta,
en que debes cubrir os datos, o tipo de tarifa que queres, etc.

Algunhas condicións para a publicación de propostas...

As propostas que se suban deben cumprir as condicións da plataforma e deben contar con toda a información solicitada. Desde a xestión da plataforma revisaranse as propostas publicadas e, en caso dalgún erro ou produto ou servizo que non cumpra as condicións, comunicárase coa empresa ou entidade correspondente para a súa revisión ou, de ser o caso, retirada, que se poderá facer directamente desde a xestión da plataforma

Esta é unha proposta da...



Ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
www.ctnl.org

xestionada por...

